

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 20 DE DECEMBRO DE 2019.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E DEZ MINUTOS** do día **VINTE DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZANOVE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia das tenentes de Alcalde **MÓNICA GONZÁLEZ CONDE** e **ÁNGELA MARÍA TROITIÑO GIL** e os concelleiros **ANTONIO FERRO LOSADA** e **JESUS TABOADA LÁZARA**.

Interventor da Corporación: **N/A**

Secretario da Corporación: **DAVID GARCÍA LAREO (Secretario accidental)**.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- **ACTAS ANTERIORES.**

2º.- **EXPTE. 2161/2019. BASES PARA A CONTRATACIÓN DE UN/UNHA CONSERXE -SUBALTERNO PARA O AUDITORIO MANUEL DOPAZO, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL A XORNADA COMPLETA PARA SUSTITUIR Á SÚA TITULAR QUE SE ENCONTRA EN BAIXA POR ILT.**

3º.- **URBANISMO.**

1º.- **ACTAS ANTERIORES.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación as seguintes Actas:

- 13 de decembro de 2019

2º.- **EXPTE. 2161/2019. BASES PARA A CONTRATACIÓN DE UN/UNHA CONSERXE -SUBALTERNO PARA O AUDITORIO MANUEL DOPAZO, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL A XORNADA COMPLETA PARA SUSTITUIR Á SÚA TITULAR QUE SE ENCONTRA EN BAIXA POR ILT.**

Vista a necesidade de contratación de a un/unha conserxe-subalsterno para o Auditorio Manuel Dopazo, como persoal laboral temporal a xornada completa para substituír a súa titular que se encontra de baixa por ILT, polo que se elaboran as seguintes bases:

*“BASES PARA A CONTRATACIÓN DE UN CONSERXE -SUBALTERNO PARA O AUDITORIO MANUEL DOPAZO, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL A XORNADA COMPLETA PARA SUSTITUIR Á SÚA TITULAR QUE SE ENCONTRA EN BAIXA POR ILT.*

**1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.-**

*Constitúe o obxecto da convocatoria a provisión dunha praza de subalerno/a en réxime laboral temporal, para substituír á súa titular que se encontra de baixa por incapacidade laboral temporal (ILT)*

*A contratación é como persoal laboral temporal a xornada completa. A modalidade será de contrato de interinidade por substitución durante a situación de baixa da traballadora MERCEDES VALLE CORZO. O contrato estará condicionado á situación de baixa da referida traballadora.*



A presente convocatoria publicarase íntegra na páxina web do Concello de Silleda ([www.silleda.es](http://www.silleda.es)) no Taboleiro de Anuncios do Concello, e un extracto da mesma nun diario de máxima difusión.

## 2.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA.-

Serán funcións a desempeñar polo/a contratado/a as previstas na vixente lexislación, así como as que lles poidan encomendar a Alcaldía e os concelleiros/as delegados/as que garden relación coa súa función principal:

Custodiar mobiliario, máquinas, instalacións e locais; controlar a entrada das persoas alleas ao servizo, informar e atender o público; custodiar as chaves das dependencias; recibir, clasificar, conservar e distribuír documentos, obxectos, correspondencia e publicidade de actividades municipais que a tales efectos lle sexan encomendados. Realizar os traslados e montaxe de material, mobiliario, aveños que foran necesarios; realizar os encargos relacionados co servizo que se lle encomende, dentro ou fóra das dependencias; atender os usuarios ( asociacións culturais e recreativas); apertura e peche das instalacións, centro ou dependencia no que estea destinado; mantemento, conservación e limpeza das instalacións, mobiliario, maquinaria e material; reparacións básicas; prestar axuda en todos aqueles actos extraordinarios que se celebren nos mesmos e calquera outra actividade semellante de colaboración ou axuda para a boa marcha das actividades desenvolvidas nos centros.

No desenvolvemento das súas funcións utilizará os medios manuais, equipos e maquinaria que o Concello considere adecuados para o mellor funcionamento dos servizos e a mellor atención á cidadanía

As funcións detalladas teñen un carácter enunciativo, podendo serlle asignadas calquera outra propia da súa categoría profesional.

## 3.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.-

Para ser admitidos/as nas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, ou nacional de calquera dos Estados aos que, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén serán admitidas aquelas persoas ás que fai referencia o artigo 57, relativo ao acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados, da Lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto ao que se aspira, non padecendo enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que lle son propias. No caso de ser seleccionado/a para o posto, acreditarase mediante certificado médico. No caso de que se teña condición de discapacitado e a súa compatibilidade, acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade, farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

d) Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas nin atoparse inhabilitado para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. De ser seleccionado/a para o posto, acreditarase mediante declaración formal baixo xuramento ou promesa.

Os requisitos anteriormente establecidos deberán posuírse polos/as aspirantes no momento da finalización do prazo de presentación de instancias, debendo manterse as mesmas durante todo o período selectivo.

O mesmo tempo e antes do inicio da actividade obxecto desta convocatoria, estará suxeito/a ao réxime de incompatibilidades que determinen as disposicións vixentes (Lei 53/84 de 26 de decembro e concordantes).

## 4.- SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.-



As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán presentar instancia dirixida o Sr. Alcalde-Presidente (segundo modelo que figura como ANEXO I das presentes bases) na que se poña de manifesto que coñece e acepta as presentes bases e que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nas mesmas. Deberá acompañarse copia compulsada do DNI ou, no seu caso, de documento equivalente expedido pola autoridade competente .

O prazo de presentación de solicitudes será de 6 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do extracto do anuncio da convocatoria. A presentación das solicitudes farase no Rexistro do Concello de Silleda, en horario de 9 a 14 horas en días laborables. Si o último día coincide en domingo ou festivo prorrogase ao día seguinte hábil.

#### MODO DE ACREDITACIÓN DE MÉRITOS:

A) A instancia deberá ir acompañada da documentación acreditativa dos méritos:

Os candidatos deberán presentar os seus méritos xunto coa instancia no Rexistro Xeral da Entidade, coas xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación co posto/función que se convoca, mediante:

- Informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social á que deberá achegarse contrato de traballo inscrito no SPEE (Servizo Público de Emprego Estatal),
- Copia autenticada da/s titulacións/s, cursos, etc.

B) Consecuencias do incumprimento do establecido no apartado anterior:

A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala no apartado anterior, determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fóra de prazo de presentación de instancias, xa que non poderá emendar. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten.

#### ADMISIÓN DE CANDIDATOS

Rematado o prazo de presentación de instancias, o alcalde ditará resolución aprobando a lista de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello, dispoñendo do prazo de tres días naturais para emendar os defectos que motivaron a exclusión.

Na mesma resolución determinarase a data da reunión do tribunal cualificador.

#### 5.- ÓRGANO DE SELECCIÓN.-

O Tribunal cualificador encargado da valoración das probas e dos méritos para a provisión por concurso de méritos do posto estará constituído por un número impar de membros, debendo designarse o mesmo número de suplentes. Un dos membros actuará como Presidente/a e outro como Secretario/a do Tribunal. A súa composición axustarase ao previsto no art. 60 do Estatuto Básico do Empregado Público; O persoal de elección ou designación política, funcionarios interinos e persoal eventual non poderán formar parte do Tribunal

A designación nominal dos membros do Tribunal, realizarase por Resolución da Alcaldía e publicarase no Taboleiro de Anuncios e na Páxina Web do Concello, xunto coa lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos. En dita Resolución tamén se fixará o lugar, data e hora na que se reunirá o tribunal a efectos de valoración dos méritos achegados polos/as aspirantes, así como lugar, data e hora da entrevista persoal e da realización da proba práctica. O tribunal non poderá actuar sen a asistencia da metade dos seus membros (titulares ou suplentes) e en todo caso a do Presidente e Secretario, ou dos seus suplentes.

O tribunal poderá solicitar a incorporación de asesores/as naquelas probas que aconsellen requirir a opinión de técnicos especialistas, así como colaboradores en tarefas de vixilancia e control de desenvolvemento das diferentes probas.

Os membros do Tribunal Terán dereito pola súa concorrencia , ao pago das asistencias nas contías establecidas polo R.D. 462/2002 de 24 de maio sobre indemnizacións por razón de servizo, ou as actualizacións posteriores (orde do Ministerio de Economía e Facenda EHA/3770/2005/ de 1 de decembro).



Os membros do Tribunal quedan facultados para resolver as dúbidas que se lle presenten e tomar os acordos precisos para o desenvolvemento correcto do proceso de selección, así como aquelas que non estean previstas nas presentes bases.

As decisións adoptaranse por maioría simple dos membros asistentes.

#### 6.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.-

O sistema de selección dos aspirantes será de concurso.

Puntuación máxima total: 10 puntos.

##### 6.1.- TITULACIONES:

Posuír o título de Graduado Escolar ou equivalente

##### 6.2.- EXPERIENCIA PROFESIONAL :

A puntuación máxima posible para cada aspirante neste apartado será de 7 puntos Por experiencia profesional na Administración Pública. 0,5 puntos por mes traballado.

Non se computarán os períodos inferiores a un mes.

Acreditarase mediante certificación do organismo correspondente ou copia compulsada do contrato de traballo pero sempre que se acompañe do informe de vida laboral ou documento de finalización do contrato.

Os méritos enumerados, experiencia e formación, deberán referirse á data de publicación das presentes bases

##### 6.4.-ENTREVISTA CURRICULAR:

Contestación a preguntas formuladas polos membros do órgano de selección, coa finalidade de apreciar o grado de experiencia laboral en relación coas funcións a que se optan, valorándose principalmente a aptitude e actitude para o emprego que se convoca. A entrevista puntuarase, a criterio ponderado do órgano de selección, ata un máximo de 3 puntos.

#### 7.- CUALIFICACIÓN DAS PROBAS E PROPOSTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.-

Rematada a cualificación dos/as aspirantes, o Tribunal publicará no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na web municipal, a relación dos mesmos por orde da puntuación obtida, así como o nome e apelidos, xunto co DNI dos seleccionados para a provisión do posto, elevando proposta á Alcaldía-Presidencia quen efectuará a correspondente Resolución. Se os/as participantes non superasen as probas selectivas, o Tribunal declarará deserto o posto.

Contra a baremación do tribunal, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación ante o propio tribunal no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da dita baremación. Á vista das reclamacións presentadas e realizadas, no seu caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada aspirante, o tribunal procederá á publicación no taboleiro de anuncios e na web municipal da baremación definitiva da fase de concurso.

#### 8.- SINATURA DE CONTRATO

O/a seleccionado/a para o posto polo Tribunal, presentará no Rexistro do Concello, dentro do prazo que se estableza e a partir da publicación da lista de aprobados/as, os documentos acreditativos das condicións para tomar parte na convocatoria:

a) Copia compulsada do DNI.

b) Informe sobre o estado de saúde que acredite que a persoa aspirante non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.



c) Declaración xurada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de empregos ou cargos públicos por sentenza firme.

A persoa seleccionada para o posto que non presentase a citada documentación dentro do prazo concedido, salvo causas de forza maior xustificadas, non poderá ser nomeado/a para o posto, quedando anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrera por falsidade na solicitude. Nestes supostos ou no caso de renuncia por parte da persoa proposta que obtivera a máxima puntuación, poderá nomearse aos seguintes por orde de puntuación entre os candidatos/as. Así mesmo as persoas non seleccionadas poderán entrar nunha bolsa de traballo –pola orde da súa puntuación- para posibles substitucións e ata a alta do/a titular da praza.

Unha vez comprobado que a persoa proposta presentou a documentación esixida, o Sr. Alcalde-Presidente, resolverá o proceso selectivo e procederá á formalización do contrato laboral, conforme ao previsto na vixente lexislación. Incorporarase ao seu posto de traballo no prazo máximo de cinco días logo da formalización do contrato laboral. Quen resulte nomeado/a para ocupar o posto quedará sometido/a ao réxime de incompatibilidades establecido na lexislación vixente.

#### 9.- DISPOSICIÓN FINAL.-

O proceso selectivo regularase polo disposto nas presentes bases e no que non estea previsto nelas, polo establecido na Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, Lei 7/2007 de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 5/97 de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, o Texto Refundido da Lei de función pública de Galicia, así como pola restante normativa estatal ou autonómica vixente, que sexa de aplicación por razón da materia.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos dela se deriven, poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e no xeito previsto na Lei 39/2015, así como na vixente lexislación da xurisdición contencioso administrativo.

**ANEXO I.- MODELO DE SOLICITUDE DE ADMISIÓN AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE CONSERXE (AUDITORIO MANUEL DOPAZO) POLO SISTEMA DE CONCURSO NO CONCELLO DE SILLEDA.**

D/Dª ..... co D.N.I. núm....., con data e lugar de nacemento ..... e con enderezo a efectos de notificacións en ..... do Concello de ..... código postal ..... provincia de ..... teléfono núm ....., coñecedor/a da convocatoria para cubrir UNHA praza de conserxe para o Auditorio de Bandeira.

SOLICITO ser admitido/a no proceso selectivo ao que se refire a presente convocatoria,

DECLARANDO que son certos os datos consignados na mesma, que coñece o contido das bases reguladoras da convocatoria e que na data da presentación da solicitude reúne todas as condicións e requisitos esixidos nas bases.

Xunto coa presente solicitude, acompaño:

- Copia cotexada do D.N.I. ou documento equivalente expedido pola autoridade competente do país de orixe.
- MAIS DOCUMENTACIÓN:

En vista do que,

SOLICITA:

Que se admita a presente solicitude, xunto coa documentación que se xunta, para concorrer ao proceso selectivo incoado ao efecto da provisión do posto. Solicito a adaptación para a realización das correspondentes probas selectivas.

Silleda, de de 2019.

Asdo.:



SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SILLEDA (PONTEVEDRA)"

Polo exposto, **esta Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcaldía na resolución de 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros, **ACORDA** prestar aprobación as BASES PARA A CONTRATACIÓN DE UN/UNHA CONSERXE-SUBLASTERNO PARA O AUDITORIO MANUEL DOPAZO, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL A XORNADA COMPLETA PARA SUSTITUIR A SÚA TITULAR QUE SE ENCONTRA DE BAIXA POR ILT, anteriormente transcritas.

### 3º.- URBANISMO.

#### 3.1.- Expte. 2012/2019. Licenza de de finca. María Abeledo Penas.

Vista a solicitude de licenza de segregación, presentada por MARIA ABELEDO PENAS, Rexistro de Entrada nº 2019-E-RE-412 de data 18 de novembro de 2019, para segregación de finca 450 da zona de concentración parcelaria de Silleda, sita no Agro de Abaixo, s/n (Silleda), parcela con referencia catastral 36052K504104500000ES e 36052K504304500000ED, segundo proxecto da arquitecta Mariene Pérez Sánchez.

Visto o informe emitido o 19 de decembro de 2019 polo arquitecto Lino Manuel Doportó Framil no que conclúe o seguinte:

"Solicitante	María Abeledo Penas		
Data de rexistro	18.NOV.2019	Nº 2019-E-RE-412	Expediente 2012/2019
Solicitude	Segregación de finca 450 da zona de concentración parcelaria		
Tipo de Solicitude	Segregación		
Emprazamento	Agro de Abaixo S/N, Silleda		
Referencia catastral	36052K504104500000ES e 36052K504304500000ED		
Autor do Proxecto	Marlene Pérez Sánchez, Arquitecta Colexiada 4952		
Proxecto	Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colegial obligatorio)		

#### NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
- 2 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia
- 3 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 4 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 5 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.
- 6 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 7 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 10 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 12 R.D. 2187/1978, de 23 de xuño de 1978. Reglamenteo de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 13 Planeamento do Concello de Silleda



- 13.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
  - 13.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
  - 13.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
  - 13.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
  - 13.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 13.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 13.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
  - 13.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
  - 13.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 13.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
  - 13.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
  - 13.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
  - 13.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016
- 14 Concordantes

#### ANTECEDENTES:

1. Emitese informe técnico sobre a solicitude de licenza asinada por María Abeledo Penas, presentada con R.E. 2019-E-RE-412 de 18.NOV.2019. Aporta 1 copia de proxecto técnico asinado por Marlene Pérez Sánchez, Arquitecta colegiada 4952.

2. O Concello de Silleda aprobou provisionalmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/03/2016 (punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo:

#### INFORME TÉCNICO:

1 O solo onde se pretende a Segregación encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como **Solo Urbano, ordenanza Edificación Cerrada, E.C. e parcialmente como Solo Urbanizable non programado, Residencial**. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Segregación de finca 450 da zona de concentración parcelaria**, está clasificado como **Solo Urbano NON consolidado**.

Antecedentes da parcela a segregar (extraese da memoria do proxecto):

En el año 1998 se procede a la parcelación de la finca número 450 de la Zona de Concentración Parcelaria de Silleda, afectada y dividida por el trazado de vales en el desarrollo de la trama urbana del Núcleo de Silleda, de acuerdo con las previsiones del Plan General de Ordenación Urbana vigente (4 junio 1981), quedando la parcela fraccionada en cinco zonas independientes. La planimetría de dicho PXOM preveía la apertura de las nuevas calles: una totalmente ejecutada (denominada calle nueva en los planos), otra parcialmente ejecutada y denominada calle "G" y otra demarcada y pendiente de ejecución, que denominaban "calle en proyecto".

Como consecuencia de lo indicado, la finca matriz se subdividía en cinco zonas bien diferenciadas, como se puede ver en el Anexo y con las siguientes superficies:

Zona A	822,84m <sup>2</sup>
Zona B	1834,5m <sup>2</sup>
Zona C	1449,38m <sup>2</sup>
Zona D	2425,97m <sup>2</sup>
Zona E	3122,19m <sup>2</sup>



<b>Viais abertos</b>	2063,19m <sup>2</sup>
Viais sen abrir "e"	361,64m <sup>2</sup>
Viais sen abrir "p"	482,19m <sup>2</sup>
<b>Total das parcelas</b>	12561,9m <sup>2</sup>

En el año 2004 Promociones y Construcciones Estebo, S.L, llegando a acuerdo con los propietarios de las parcelas colindantes, procede a la parcelación y agregación de las parcelas colindantes para obtener una parcela de forma rectangular edificable. Este proyecto de parcelación y agregación de parcelas afecta a la superficie de la Zona A definida en el proyecto de parcelación del año 1.998. Concedida la licencia de segregación y agrupación de parcelas, la Parcela resultante sera la Zona A original que aumenta su superficie en 84,39 m2, correspondientes a la Parcela C, pasando así a tener una superficie total de 907,23 m2 en suelo clasificado por el PXOM de Silleda como Suelo Urbano de Edificación Cerrada.

La revisión del Planeamiento General de Ordenación en Silleda se aprueba provisionalmente el 18 de marzo de 2016 y en ella el vial que afecta a estas parcelas, denominado como nº 14 en el plano 71 del PXOM, desaparecería de la cartografía. La supresión de este vial afecta a la división original de la finca número 450 de la Zona de Concentración Parcelaria de Silleda pues la superficie de las zonas C y B se vería incrementada por la superficie correspondiente a dicho vial.

**2 A segregación das fincas plantexada no ano 1998, á cal se lle deu licencia, non chegou a ser inscrita no Rexistro da Propiedade, polo que non se materializou xuridicamente a segregación e por ese motivo se presenta unha modificación da mesma, retrotraéndose ao estado orixinario das fincas.**

3 Faise constar no informe técnico do 3 de novembro de 2017 emitido por este arquitecto, con código de Validación2: 4KPJAXFEQQN2493DE4EG4SEXQ, o seguinte:

3. Tal e como se aprecia no plano 61 do mencionado PXOM, do que se xunta copia, esta parcela estaba afectada neste planeamento de 1981 e aínda en vigor, pola apertura dun vial en sentido Leste- Oeste, vial que polo que se puido comprobar, **non consta, salvo erro ou omisión involuntarios, nesta Oficina Técnica, expediente algún tramitado para a obtención dos terreos polos que discorre.** Por outra banda, o inicio do vial está nunha banda clasificada como S.UbleNP Residencial. Sobre ese ámbito non consta a tramitación de figura algunha de planeamento que o desenvolva.  
(...)

9. Canto á revisión deste planeamento, aprobada provisionalmente o 18 de marzo de 2016 e por tanto aínda non en vigor, o vial que afecta a estes predios desaparecería da cartografía, se ben é certo que o ámbito está clasificado como Solo Urbano Non Consolidado (SUNC) e por tanto, pertencente a un área de reparto (D1-AR4 da que se xunta copia da ficha).

4 Canto aos viais existentes (rúa do Agro e Rúa dos Castros de Toiriz), este suposto, no relativo a estas parcelas, encadra dentro dos que establece a Lei do Solo de Galicia, de innecesiedade de segregación (artigo 150 letra b):

6. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesiedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

- A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación.
- A execución de infraestruturas e dotacións públicas.
- O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.

5 Canto aos predios resultantes, na memoria presentada indícase o seguinte:

La parcela número 450 de Concentración de la Zona Urbana de Silleda se divide físicamente como consecuencia del avance de la trama urbana, diseñada por la revisión del Plan General de Ordenación Urbana de Silleda, con las calles previstas en el mismo:

- Una totalmente ejecutada.- Denominada calle nueva en los planos adjuntos y Rúa do Agro en la actualidad.
- Otra parcialmente ejecutada.- Denominada calle "G" los planos adjuntos y Rúa Castros de Toiriz en la actualidad.





Como consecuencia de lo indicado, la finca matriz se subdividiría en cinco zonas bien diferenciadas, señaladas en los planos adjuntos y con las siguientes características:

**ZONA A (NO VARÍA).**- De una superficie total de 907,23 m<sup>2</sup> resultado de sumar la zona A original (822,84 m<sup>2</sup>) y la parcela C definida en el proyecto: Modificado de segregación y agrupación de fincas del año 2.004 (84,39 m<sup>2</sup>).

Lindes.- NORTE: Solar propiedad de la misma.  
SUR: Parcela propiedad de la misma.  
ESTE: Promociones y construcciones Estebo, S.L.; José Ramón Rozados Ares y Dorinda Vigide Pereiras.  
OESTE: Rúa do Agro.

**ZONA B (MODIFICADA).**- De una superficie total de 2.316,69 m<sup>2</sup> resultado de sumar la zona B original (1.834,50 m<sup>2</sup>) y la parte correspondiente del vial denominado "Calle Nueva Apertura" en los proyectos de 1.998 y 2.004 (482,19 m<sup>2</sup>).

Lindes.- NORTE: Camino público.  
SUR: Zona D.  
ESTE: Rúa do Agro.  
OESTE: Camino público.

**ZONA C (MODIFICADA).**- De una superficie total de 1.811,02 m<sup>2</sup> resultado de sumar la parte correspondiente del vial denominado "Calle Nueva Apertura" en los proyectos de 1.998 y 2.004 (361,64 m<sup>2</sup>) y la Zona C original, de una superficie de 1.449,38 m<sup>2</sup>.

Lindes.- NORTE: Parcela propiedad de la misma.  
SUR: Rúa Castros de Toiriz y Manuel García Raposeiras.  
ESTE: Antonio Caramés Pérez y Manuel García Raposeiras.  
OESTE: Confluencia de la Rúa Castros de Toiriz y la Rúa do Agro.

**ZONA D (NO VARÍA).**- Esta zona no se ve afectada por la supresión del vial nº 14 por lo que mantiene las características definidas en el proyecto de parcelación de 1.998.

**ZONA E (NO VARÍA).**- Esta zona no se ve afectada por la supresión del vial nº 14 por lo que mantiene las características definidas en el proyecto de parcelación de 1.998.

6 Á vista da documentación aportada, as parcelas resultantes dan cumprimento á superficie mínima edificable prevista no vixente PXOM. As superficies da parcela matriz e resultantes son as seguintes:

PARCELA MATRIZ				PARCELAS RESULTANTES			
	Superficie* resultante do PXOM 1988	Incremento segregación 2004	Parcela resultante da segregación e agrupación de 2004			Superficie resultante do PXOM Provisional	
A	822,84 m <sup>2</sup>	84,39	A	907,23	A'	907,23 m <sup>2</sup>	
B	1834,5 m <sup>2</sup>		B	1834,5	482,19	B'	2316,69 m <sup>2</sup>
C	1449,38 m <sup>2</sup>		C	1449,38	361,64	C'	1811,02 m <sup>2</sup>
D	2425,97 m <sup>2</sup>		D	2425,97		D	2425,97 m <sup>2</sup>
E	3122,19 m <sup>2</sup>		E	3122,19		E	3122,19 m <sup>2</sup>
Viais abertos	2063,29 m <sup>2</sup>		Viais abertos	2063,29			2063,29 m <sup>2</sup>
Vial non aberto "e"	361,64		Vial non aberto "e"	361,64	Engádese a parcela "C"		
Vial non aberto	482,19		Vial non	482,19	Engádese a		



"p"			aberto "p"		parcela "B"		
	12562			12646,39			12646,39

*Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradi a Normativa urbanística vixente, o planeamento de 1981, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión de licenzia municipal de segregación.*

*Cómpre sinalar a obriga de notificar ao Catastro a nova agrupación"*

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

**Primeiro.- CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal a MARIA ABELEDO PENAS para segregación de finca 450 da zona de concentración parcelaria de Silleda, sita no Agro de Abaixo, s/n (Silleda), parcela con referencia catastral 36052K504104500000ES e 36052K504304500000ED, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, indicándolle a obriga de notificar ao Catastro a nova agrupación.

### **3.2.- Expte. 1835/2019. Recurso de reposición formulado contra o acordo previo de desestimación por Sebastián Castro Sanmartín.**

#### **Identificación e datos do Recurso:**

Acordo desestimatorio da XGL do 21 Outubro.

Recurso presentado o 22 de Novembro, rexistro entrada nº 5296, e nº expediente 1.835/2019 en Administración Electrónica.

**EXPEDIENTE de RECLAMACION por RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. SEBASTIAN CASTRO SANMARTIN**, DNI nº44094465-S, domiciliado en A Mera nº 12, SILLEDA, con rexistro municipal de entrada nº 4692, de data 16 de Outubro de 2019. Explotación gandeira de cerdos de ceba, sita en O Castro, Ponte, Silleda, con rexistro en C. Medio Rural: C.E.A. número ES36/052/0156601.

**ANTECEDENTES.** A reclamación por responsabilidade patrimonial baséase en imputar ó Concello, xunto coa Consellería de Medio Rural, os danos e perxuízos económicos que dí sufrir o non poder efectuar a ampliación dunha granxa de porcino, sita en O Castro, Ponte, Silleda, con identificación en C. Medio Rural: C.E.A. número ES36/052/0156601, en síntesis.

**RECURSO DE REPOSICION.** Dita reclamación foi rexeitada mediante acordo da XGL de data 21 Outubro de 2019, contra a que o reclamante presentou Recurso de Reposición o 22 de Novembro, rexistro entrada nº 5296, e nº expediente 1.835/2019 en Administración Electrónica-Gestiona, instando a nulidade do acordo municipal.

**VISTO** o Recurso de Reposición e seu expediente orixinario, procede a desestimación do mesmo, en base as seguintes:

#### **Consideracións xurídicas**



**Única.** Reitéranse os mesmos argumentos expostos na súa reclamación –desestimados e con carácter palmario por acordo da XGL–, polo que procede remitirse o xa acordado e tamén para evitar repeticións innecesarias, limitándose a repetir neste recurso que se acepte sua tesis, que o Concello rechazou.

Non obstante, si procede efectuar as matizacións xurídicas que seguen e consideranse esenciais, trascendentes, en canto a forma e fondo sustantivo, anque sexan repetitivas.

### **1ª. Inadmisibilidade da reclamación. Prescripción da acción.**

**1ª.1.** No acordo que recorre argumentouse o que segue:

**Prazo de un ano incumprido.** *En relación coa prescripción da acción, o art. artigo 67.1 da Lei 39/2015 dispón que o dereito a reclamar prescribe de modo categórico o ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse seu efecto lesivo. E a data dese hipotético dano –que négase, ademais–, como sostén o propio reclamante, é o informe do Servizo de Gandeiría da Consellería de Medio Rural, desfavorable, do que recoéce tivo coñecemento “despois do día 31-Xullo-2017” e con motivo da notificación do informe favorable de Evaluación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, texto no cal cítase o mesmo e, conven resaltar, a pesar de elo, a XUNTA informa FAVORABLEMENTE a licenza.*

*Transcurriron, en consecuencia, 2 anos + 2 meses ata 16 de Outubro de 2018 en que presenta sua reclamación no rexistro municipal (Dende o 17 de Agosto de 2017 en que se lle concede a licenza de obras, o 31 de Xullo, como admite expresamente).*

*A sua vez, incídese que tamén admite que ese informe desfavorable (de 7 de Xullo) o coñeceu cando lle notificaron o favorable de incidencia ambiental de Medio Ambiente (de 31 Xullo 2017), tras do cal, rematando o expediente administrativo, se lle concedeu a licenza de obras municipal (17 Agosto 2017). Así, asume que tivo coñecemento, tanto da resolución favorable como da desfavorable “despois do 31 de Xullo de 2017” en que se dictou a mesma. Esa é, por tanto, (Xullo/Agosto de 2017), a data a partir da cal comenza a computarse o período de UN ANO para formular a reclamación (Ata Agosto 2018 e a presentou o 16 Outubro de 2019).*

**Contradicción insalvable** *Por añadidura, non aporta a data concreta de esa notificación/e/ou/información denegatoria da licenza de Sanidade Animal, que sitúa “en outono do ano pasado”, e que, si existira, parece indudable que a adxuntaría, e só alega que canto tivo constancia de esa imposibilidade edificatoria foi en outono do 2018, o que supón unha contradicción insalvable con sua aseveración previa de que coñeceu o informe desfavorable “despois do 31 de Xullo de 2017” en que se dictou a mesma, un ano antes, co que sua reclamación –en canto o ano de prescripción– decae por sí mesma, de seus propios datos e feitos sinalados. Despréndese de seu relato que no hai notificación algunha por escrito en ese “outono do ano pasado”, o 2018, xa que non a adxunta e límitase a sosteer que: “se púso de manifesto que a explotación non era viable..., o carecer da autorización de Sanidade Animal...”*

**O prazo de prescripción de un ano para reclamar ten carácter imperativo.** *E, a maior abundamento, para culminar esta discección do período esixido legalmente, véase que, textualmente, asegura:*



*“En otoño del año pasado..., cuando se había levantado la estructura de la nave..., se puso de manifiesto que la explotación no era viable..., al carecer de la autorización de Sanidad Animal...”*

*O Sr. Castro Sanmartín, cita a orixen do presunto feito ou acto que motive a solicitude de indemnización ou de manifestarse seu efecto lesivo: “en outono do ano pasado”, que, o non ser unha data concreta, non é computable a efectos xurídicos, de ningún modo, máxime no caso presente de reclamación por suposta responsabilidade patrimonial, no cal o prazo de prescripción de un ano para reclamar ten carácter imperativo, determinante, e, en consecuencia, deriva na inadmisibilidade desta acción, con carácter taxativo.*

*Ante tal evidencia da prescripción da acción, bastaría con limitarse a ela e pechar neste punto a resolución municipal. Non obstante, faise unha referencia o fondo do caso, según a argumentación que se expón a continuación.*

...,...

O Art. artigo 67.1 da Lei 39/2015 establece:

*“Los interesados sólo podrán solicitar el inicio de un procedimiento de responsabilidad patrimonial, cuando no haya prescrito su derecho a reclamar. El derecho a reclamar prescribirá al año de producido el hecho o el acto que motive la indemnización o se manifieste su efecto lesivo”.*

*A data de partida dese hipotético dano é dende o 17 de Agosto de 2017 en que se lle concede a licenza de obras, o 31 de Xullo (Informe de Evaluación Ambiental da XUNTA), como admite expresamente o demandante, cando coñece o informe desfavorable do Servizo de Gandería, dentro do favorable de Medio Ambiente. Transcurriron, por tanto, 2 anos + 2 meses ata 16 de Outubro de 2018 en que presenta sua reclamación no rexistro municipal. En conclusión, un suposto de inadmisibilidade por prescripción da acción ó incumplir o prazo máximo de un ano esixido dende a génesis do teórico dano ata que se reclama.*

**1ª.2.** O recorrente o único que aporta agora o respecto é un “xogo de palabras”, que, moi o contrario, o que ven a ilustrar –xa con mais énfasis- é que está demostrado que se produxo a prescripción da acción, incurrindo nun galimatías dificilmente intelixible dende a perspectiva legal: “...el plazo no ha comenzado, porque debería computarse desde que la XUNTA..., denegase la autorización..., hecho que todavía no se ha producido...”. En consecuencia, seguindo seus propios razoamentos, si “no se ha producido” tal denegación, xamais pode interpoñer reclamación algunha, ó non existir o acto administrativo recurrible. É unha contradicción/paradoxa que revirte contra seu razoamento facendoo absurdo e carente de sostén fáctico.

## **2ª. Sobre o fondo sustantivo.**

**2ª.1. Non foi o Concello quén denegou a licenza, senón a Consellería de Medio Rural, e o amparo do RD 324/2000 por incumplir condicións de sanidade animal (Ampliación de 698 a outros 700 cerdos na instalación).**

**2ª.2. Aclaración conceptual.** O Concello tramitou unha licenza de obras, que é totalmente legal, dacordo coa lexislación urbanística vixente. Ou, a “sensu contrario”, unha vez cumpridos tódolos trámites do procedemento, co informe de avaliación ambiental da Consellería de Medio Ambiente



favorable, estaba obrigado legalmente a concesión da licenza de obras. Sería ilegal non facelo, do que deriva a imposibilidade desta reclamación.

Aquí o que se cuestiona é a licenza de apertura que son dúas figuras xurídicas claramente diferenciadas. Así, pode construírse un edificio de X prantas, pero non se permite exercer determinadas actividades no baixo, porque tal uso está prohibido. Hai unha licenza urbanística para o acto de edificar sobre o solo e outra de actividade para permitir os usos comerciais/industriais/agropecuarios nesa construción. Primeiro autorízase a mesma e posteriormente a apertura, o exercizo da actividade, e a que hai que analizar si o uso é permisible, anque neste suposto está preavisado que vaise destinar a granxa de cerdos, o cal non altera a ecuación da esixibilidade de ambas licenzas. En conclusión, en tanto non é cuestionable a legalidade urbanística da licenza de obras –e avalada polo informe previo de avaliación ambiental da Consellería Medio Ambiente-, a construción “*strictu sensu*”, xamais pode establecerse a relación de causa a efecto que pretende para reclamar que se lle indemnice, e por unha actuación legal.

### **3ª. Obriga do titular de tramitar tódolos informes sectoriales.**

É, no terreno xurídico, obriga do solicitante a tramitación de tódalas autorizacións sectoriais esixibles, sin perxuízo de que o Concello sinala as mesmas, total ou parcialmente, e poida recordar que está pendente a autorización de Augas de Galicia, como sucede neste caso, por exemplo. O propietario corresponde a obtención das autorizacións, licenzas, permisos ou informes que sexan necesarios para a execución de seu proxecto. A responsabilidade da Administración Local –que non é unha xestoría-circunscríbese o terreo urbanístico e de autorización do uso ou actividade –licenza de obras e apertura-, pero non en materia de sanidade animal, de competencia estricta e exclusiva da Consellería de Medio Rural.

O Sr. Castro e/ou o técnico redactor deberían ter consultado, na Oficina Agraria de Silleda/Delegación XUNTA, previamente o inicio da redacción do proxecto neste aspecto e tería sido solucionado xa “*ab initio*” o problema que agora reclama. Que a Administración Local sexa a mais cercana os cidadáns non conleva que deba asumir tódalas cargas e responsabilidades derivada da actuación dos particulares. É mais, por unha parte se esixe rapidez casi inmediata na tramitación destas licenzas para axilizar a actividade dos emprendedores –e creouse para elo a figura da comunicación previa e declaración responsable na tramitación de licenzas de obras e apertura, por certo- e por outro vólcanse no Concello –como neste suposto, o “*pagano*” de males axenos- a propia responsabilidade derivada de calquer incidente procedimental. Si o Concello tivese que controlar todos e cada un dos permisos e trámites esixibles, será imprescindible modificar a lexislación vixente.

O coñecido principio xurídico de que as licenzas *concedense “salvo dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro”* será ampliable/aplicable a este litixio. De igual modo que non se comproba nin controla si o solicitante é o propietario do terreo sobre o que se solicita licenza –algo aparentemente tan obvio-, moito menos si cumpre cos múltiples requisitos esixibles nunha actividade empresarial, ciñéndose suas facultades administrativas a disciplina do dereito urbanístico ou a derivada do Regulamento de Servizos e lexislación concordante en canto as licenzas de apertura. É a normativa urbanística (e non outra, non a de Sanidade Animal desta granxa) sobre a que a administración municipal haberá de pronunciarse para decidir si procede o outorgamento de unha licenza, e, polo tanto, non corresponde ó Concello controlar, a través da licenza de obras, aquelas cuestións de orden civil, como as titularidades ou as servidumes, por exemplo, do inmueble sobre o que realizanse as



obras obxeto da licenza, coa excepción de que no suposto se atopen afectados bens de dominio público. En igual sentido as autorizacións provenientes da normativa sanitaria, na que carecese de competencia algunha. Citamos a Sentencia de 26 de Outubro de 2005 do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia, cando expresa:

*“[...] Conviene precisar que la licencia, en cuanto acto administrativo, se encuentra condicionado en su otorgamiento por las prescripciones de la legislación urbanística y de los Planes, Normas y Ordenanzas, sin que con ocasión de su otorgamiento quepa valorar y considerar derechos de naturaleza civil, con la excepción, cuando una defensa administrativa sea posible, de los pertenecientes al órgano competente para su concesión. Los órganos municipales deben abstenerse de entrar a valorar con motivo de las solicitudes de licencia cuestiones de propiedad, por estar éstas reservadas a la Jurisdicción ordinaria. El Ayuntamiento tiene que examinar y ponderar, en cierta medida, la titularidad de la propiedad del solicitante siempre y cuando no exceda los límites de la apariencia jurídica, no entrando en un examen a fondo con objeto de no cometer una injerencia en cuestiones de propiedad cuyo juicio corresponde a los Jueces y Tribunales.[...]”*

E isto ten unha traducción legal, concreta, que en forma de coletilla incluese en tódalas licenzas de obra municipais como cláusula: *"salvo o dereito de propiedade e sin perxuízo de terceiro*». Principio aplicable a este caso.

O exercizo das actividades comerciais/industriais subdivídense en inocuas e molestas, insalubres, peligrosas, etc. –hoxe as susceptibles de informe de impacto ambiental- e tiñen un distinto grado de complexidade, que repercute no número de autorizacións, permisos e licenzas esixibles en cada caso concreto polas distintas Administracións Públicas, en función do sector económico en que se desenvolve. Así, recurrido a un breve exemplo ilustrativo, non é o mesmo a apertura dunha mercería, de unha farmacia, unha gasolinera, unha granxa ou una fábrica de plásticos. A mercería, unha actividade inocua, concédese con simple licenza municipal, sin mais; a farmacia xa esixe unha concesión da Xunta e son as Consellerías de Sanidade de cada Comunidade Autónoma, os que convocan concursos de autorización de apertura de farmacias, con carácter previo a licenza municipal; unha gasolinera pode ser autorizable urbanísticamente, pero o titular ten que dispoñer da autorización/s do Ministerio de Industria/e outros - informes sectoriais de Medio Ambiente e Estradas, ademais da licenza municipal e a inscrición nun rexistro e autorización final por parte da Xunta-; unha granxa, no seu caso, se lle esixe, dende a perspectiva da sanidade animal –competencia da Xunta-cumprir con certos requisitos técnicos e rexistro previo na Xunta, e unha fábrica de plásticos pode non ser autorizable en determinados municipios. E etcétera, etcétera... En definitiva, o que pretende con seu recurso é omitir sua clara responsabilidade polo error cometido para achacársela o Concello, algo, por elo, rechazable de forma palmaria.

#### **4ª. Requisitos fundamentais da responsabilidade patrimonial.**

Un dos requisitos fundamentais da responsabilidade patrimonial por funcionamento anormal, deviene da existencia dun dano que para ser indemnizable ha de ser real e efectivo, non traducirse en meras especulacións ou expectativas, incidindo sobre dereitos e intereses lexítimos evaluables economicamente e cuia concreción cuantitativa ou as bases para determinarlal poidan materializarse, no seu caso, en execución de sentenza, de maneira que permitan unha cifra individualizada en relación cunha persoa, como consecuencia do dano producido pola actividade da Administración en



relación de causa a efecto, probando o perxudicado a concurrencia dos requisitos legais para que surxa a obriga de indemnizar.

**Aplicación a este caso.** Xa non se entra en seu análise, en canto, amén da prescripción, négase a premisa maior: no hai anormalidade algunha – mais aínda, o funcionamento municipal foi impecable-, en tanto se lle concedeu licenza de obras e foi unha disposición sectorial, a través do RD 324/2000, a causa legal da denegación da ampliación do número de animais desa granxa, cúa competencia está atribuída a XUNTA de Galicia, non o Concello, por añadidura.

Por unanimidade, **ACÓRDASE:**

- **Primeiro. DESESTIMAR** o Recurso de Reposición contra o acordo inicial da Xunta de Goberno Local (de 21 Outubro) sobre a reclamación de **SEBASTIAN CASTRO SANMARTIN**, por presunta responsabilidade patrimonial, que rechazouse de plano, baseado en tres supostos de inadmisibilidade:

- a) Por prescripción, o transcurrir o prazo de UN ANO para formular a mesma.
- b) Por ser competencia exclusiva do Servizo de Gandería da XUNTA a denegación da ampliación da granxa, e
- c) Porque é o RD 324/2000, sobre a base de razóns de sanidade en canto a distancia a outras explotacións e o número de animais, o orixen e motivo do suposto dano que reclama, inexistente por elo, respecto o Concello.

- **Segundo. DAR TRASLADO a CONSELLERIA DE MEDIO RURAL**, os efectos legais pertinentes, que derivanse do acordo.

**RECURSOS:** Contra este acordo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de PONTEVEDRA, no prazo de DOUS meses contados a partir do día seguinte a notificación desta resolución expresa do recurso de reposición.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as trece horas e cuarenta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 20 de decembro de 2019

Vº e Prace  
O ALCALDE,  
Asdo. Manuel Cuiña Fernández

O SECRETARIO acctal.  
Asdo. David García Lareo

